

Caderno da crítica

Literatura galega: de todo un pouco; ás veces tamén opinións. Blogue de Ramón Nicolás


Costa do Solpor, de Xosé María Lema

Xosé María Lema

Costa do Solpor

Xerais, Vigo, 2012, 664 páxinas, 24 €

Non podo obviar que non quedase un tanto sorprendido con esta densa novela por varias razóns, e unha delas ten que ver con quen a subscribe pois sabía do labor que viña exercendo desde hai anos o profesor Xosé María Lema, nomeadamente nos ámbitos da lexicografía, da historia da arte, da onomástica ou mesmo da etnografía, nos que salienta por dereito propio como un recoñecido especialista, mais ignoraba as súas habilidades como narrador, e como narrador de longo alento, tal e como testemuña este Costa do Solpor que, ademais, foi finalista do premio Xerais de novela na convocatoria do 2011 competindo, entre outros orixinais, con Os fillos do mar, de Pedro Feijoo ou con Extramunde, de Xavier Queipo, peza esta última que resultaría gañadora.



Con todo, que Xosé María Lema fose autor inédito nestas lides, cando menos publicamente, pouco relevante resultaría a non ser que a súa formación e dedicación explica, e de maneira moi convincente, o coidado minucioso depositado na ambientación e contextualización da novela que comeza a se distribuír estes días. Mais se todo fose perfección nesta dimensión –tamén palpable nunha escolla léxica vivísima- axiña esmorecería o seu interese se non se idea ao tempo un argumento con forza propia, se non se constrúen con convicción e singularidade uns personaxes e, por suposto, se non se concibe unha estrutura acaída para o efecto..., e todo isto o atesoura *Costa do Solpor* pois é quen de internar rápida e efectivamente a quen se achegue á súa lectura ao que particularmente vexo como un compendio do mellor das novelas clásicas de aventuras – penso sobre todo nos modelos da literatura inglesa e particularmente no proposto por Stevenson- ao que engade unha intelixente e rendible “galeguización” en canto espazos e personaxes, suturándoo cos motivos presentes na vida cotiá de mediados do século XVIII nos ámbitos costeiros e mariñeiros de noso.

No fondo da proposta salienta, ao meu ver, a recreación literaria dunha liña recorrente que enchoupa a totalidade do texto e que cifro na loita pola supervivencia nun tempo no que se recrea, con fidelidade, o mundo da pirataría, pero non só. Para este obxectivo recórrese, inicialmente, ao

recurso do manuscrito escrito en inglés que se integra na novela coma se fose unha tradución, xestándose así con naturalidade tanto a precisa sensación de distanciamento respecto do relatado como a necesaria procura de verosimilitude, algo que apoia a multitude de notas explicativas a rodapé.



Tarefa imposible é a de nin sequera sintetizar un argumento que, en esencia, se nuclea arredor da viaxe de retorno dunha goleta inglesa cargada cun tesouro e que recala nunha ría da chamada Costa do Solpor. Ese fío será o que permita que coñezamos personaxes de pegada indeleble como Squire Trelawney, o Tiopa, o Dr. Livesey ou outra voz narradora, representada en Jim Hawkins, responsables os últimos de que saibamos da existencia da Confraría da Man Morta, de René de Saint-Syr ou de Jim e Mariña, que contribuirán á resolución trepidante dun conflito que, na parte final, adopta ao meu ver certo sesgo de novela xuvenil que completa ou reorienta o espírito inicial da mesma.

Hai pasaxes salientables nesta proposta, cheas de plasticidade e de forza impresionante, como –escollo dúas- un relato posto en boca de John Silver ou a descrición de naufraxios, tempestades ou persecucións onde abrolla con transparencia o xenio creativo dun autor que, se non entendín mal, manifestou que probablemente non volvería transitar estes eidos da prosa. Fago votos para que reformule esta intención pois este *Costa do Solpor* atesoura méritos dabondo e constata a chegada dun narrador de gran forza.

Esta recensión, con mínimas variantes, publicouse baixo o título de “Aventura en estado puro (e algo máis)” nas páxinas do suplemento “Culturas” de La Voz de Galicia, o 9 de febreiro de 2013.

This entry was posted on 10 Febreiro 2013 by Ramón Nicolás in Crítica literaria, Novela